



**OFICINA DE MEDIO AMBIENTE**  
UNIVERSIDADE DE VIGO  
Edificio Isaac Newton  
Campus Universitario  
36310 Vigo

## MEMORIA DO CURSO 2003- 2004 DA OFICINA DE MEDIO AMBIENTE

No curso 2003-2004 as actividades de **maior relevancia** de esta entidade foron as seguintes, agrupadas temáticamente:

### Conservación e Mantemento

- Redacción dos pregos, e memoria xustificativa para a tramitación do concurso de mantemento dos seguintes espazos verdes nos tres campus da Universidade de Vigo:
  - "Prego de prescripcións técnicas para o mantemento e conservación dos espazos verdes axardinados do Campus de Marcosende da Universidade de Vigo".
  - "Prego de prescripcións técnicas para o mantemento e conservación dos espazos verdes naturais do Campus de Marcosende da Universidade de Vigo".
  - "Prego de prescripcións técnicas para o mantemento e conservación dos espazos verdes axardinados do Campus de Pontevedra da Universidade de Vigo".
  - "Prego de prescripcións técnicas para o mantemento e conservación dos espazos verdes axardinados do Campus de Ourense da Universidade de Vigo".
- Contratación e seguemento dos distintos traballos de conservación e mantemento das zonas verdes nos tres Campus da Universidade de Vigo.
- Planificación e seguemento dos traballos de restauración ambiental nos campus da Universidade.
- Plan de restauración ambiental e seguemento dos hábitats naturais do campus de Vigo, incluído dentro do convenio de fomento do emprego Universidade de Vigo-Consellería de Familia:
  - Dirección e coordinación dos traballos do citado plan.
  - Deseño e aplicación dunha metodoloxía para avaliar os cambios nas comunidades de fauna e flora da área afectada polos proxectos de mellora ambiental.
  - Traballos de manexo dos hábitats naturais consistentes fundamentalmente en desbroces e podas de formación e saneamento.
  - Traballos de incremento da diversidade da flora basal, mediante a confección de distintas parcelas de plantación.
  - Consolidación dun viveiro con mais de 10.000 plantas, de especies propias da vexetación de Galicia, e aviveiramento en bancais de parte desta planta.

- Vixilancia e seguemento de medidas correctoras das obras que se están realizando nos campus da Universidade.
- Programa de seguemento da calidade das augas superficiais do campus de Vigo.
- 3º ano do Estudio da "Mortalidade de vertebrados asociada as infraestructuras do campus de Vigo".
- Instalación de barreiras e trampas para evitar o atropelo de anfibios no vial de circunvalación do campus de Vigo.
- Colocación e seguemento de caixas niño e comedeiros para aves no campus de Vigo.

### Recursos e residuos

- Coordinación e supervisión das recollidas de residuos perigosos realizadas nos laboratorios e conserxerías da Universidade de Vigo:
  - o recollida e etiquetado dos residuos producidos.
  - o subministro de recipientes certificados.
  - o informar ó persoal dos laboratorios sobre a recollida, a separación dos residuos e as obrigacións que deben cumprir como produtores.
  - o recompilación de información sobre os residuos recollidos: produción por tipoloxías, número de envases subministrados, persoas de contacto, incidencias, etc.
  - o levar ó día o Libro de Rexistro e a documentación que corresponde ós residuos perigosos.
  - o elaboración dos informes correspondentes.

Datos das últimas recollidas	outubro 03 (F.de Químicas)	marzo 2004 (Recollida xeral)
Producción total (Kg)	1.567	7.647

- Recollida e xestión de material informático obsoleto nos centros da Universidade.
- Subministro de 47 colectores de reciclaxe para recollida de papel usado nos edificios de Peritos, Empresariais, Ciencias Sociais, Fisioterapia, Forestais e Belas Artes.
- Elaboración da proposta para a dotación de colectores de reciclaxe de residuos urbanos no campus de Vigo, enviada ó Concello de Vigo en decembro de 2003. Coordinación e seguimento da instalación dos novos colectores de reciclaxe.
- Control e supervisión do traballo dos xestores que recollen e tratan os residuos urbanos na Universidade (papel, envases, vidro, tóners e cartuchos de impresora).
- Redacción de novas consideracións ambientais a incluír nos pregos de contratación dos servizos de limpeza.

### **Sensibilización, Formación e Investigación**

- Programa de Educación ambiental "Universidade e Natureza" dirixido a estudantes de Educación Secundaria Obrigatoria (E.S.O.) e Postobrigatoria dos institutos e C.P.I. pertencentes ó Concello de Vigo. Durante este primeiro ano participaron no Programa 677 alumnos e 34 profesores, pertencentes a 6 colexios e 2 institutos.
- 3º ano do Programa de educación ambiental "Fora das Facultades tamén hai vida": realización de dous itinerarios guiados a semana polo campus, co obxectivo de dar a coñecer os hábitats e a fauna e flora do campus Lagoas-Marcosende a toda a comunidade universitaria.
- Participación na II Feira de Asociacións da Universidade de Vigo cun posto no que se informaba a comunidade universitaria sobre as principais actividades desenvolvidas pola OMA.
- Atención a comunidade universitaria sobre cuestións ambientais. Información a través do teléfono, da páxina web e do correo electrónico das novas da OMA.
- Actualización da páxina web da OMA.
- No curso pasado o número de noticias editadas na prensa con relación á OMA foi: 2 no ano 2003 e 8 no ano 2004.

### **Desenvolvemento sostible**

- Elaboración do Diagnóstico Ambiental para a implantación da Axenda 21 Local no campus universitario de Vigo.
- Participación no "Plan de Participación Social" que forma parte do proceso de elaboración da Axenda 21 Local do Concello de Vigo.

### **Organización interna**

- Elaboración do Plano Director da Oficina de Medio Ambiente para o período 2004-2007.
- Traslado da OMA para a nova oficina situada na Facultade de Filoloxía e Traducción.
- No presente ano, integrouse na Oficina de Medio Ambiente o Servizo de Xardinería da Universidade de Vigo, pasándose a asumir a dirección e coordinación dos traballos deste servizo.
- Convocatoria das bolsas de formación na OMA, e selección de dous bolseiros para o curso 2004-2005.
- Selección de 1 biólogo, 1 capataz forestal e 2 operarios, para o Plan de restauración ambiental e seguemento dos hábitats naturais do campus de Vigo.